



Concello de Outeiro de Rei

Praza do Concello, 1
27150 Outeiro de Rei (Lugo)
Tel. 982 393 281
www.outeiroderei.org

Neste sendeiro camiñaremos xunto ao río Miño, nun fermoso percorrido de 18 km por terras de Outeiro de Rei.

Atopámonos no núcleo da Reserva da Biosfera Terras do Miño, onde nos agarda unha gran riqueza natural, cultural e paisaxística: densos bosques, flora e fauna autóctonas, humidaís, e unha gran variedade de elementos etnográficos ligados ao aproveitamento tradicional do río coma muíños, caneiros, batuxos...


Na nosa andaina tamén gozaremos de lugares tan emblemáticos deste concello como son as Insuas do Miño, o Campo de Santa Isabel, o Salto do Piago ou a Ponte Colgante de Parada.



Concello de Outeiro de Rei



Ruta de sendeirismo Camiño do Miño



Percorrido: A ruta discorre integramente polo concello de Outeiro de Rei a carón do río Miño, dende o límite co concello de Castro de Rei ata o límite co concello de Lugo.

Accesos: Ata Outeiro de Rei pola A-6 (Autovía do Noroeste) ou estrada N-VI. Dende Outeiro de Rei coller a estrada LU-1107 (Outeiro de Rei - Castro de Ribeiras de Lea) cara o inicio da ruta no lugar de Fraíz (Taboi).

Inicio: Fraíz (parroquia de Taboi).

Coordenadas GPS: 43° 09' 34" N.; 07° 34' 01" W.

Final: Gondai (parroquia de Parada).

Coordenadas GPS: 43° 03' 25" N.; 07° 37' 48" W.

Trazado: Lineal (non circular).

Dificultade: Baixa.

Lonxitude: 18 km.

Duración: 5h 30' (ida), duración estimada con paradas nos lugares de interese.

Material recomendado: Calzado deportivo impermeable e cómodo, indumentaria deportiva, auga e comida.

Servizos: en Outeiro de Rei.

Acceso en bicicleta: Apto parcialmente.

Acceso a cabalo: Apto parcialmente.

Advertencias: Algúns tramos da ruta discorren por zonas inundables próximas ao río que poden atoparse non practicables en determinadas épocas do ano, sobre todo no inverno. Asemade, outros tramos discorren por estradas locais, por favor lembre camiñar pola beira esquerda da estrada e extreme as precaucións.

Ruta Camiño do Miño



Ruta do Camiño do Miño

Trátase dunha ruta de pequeno percorrido que ao seu paso polo concello de Outeiro de Rei levarao ao longo de 18 km a carón do río Miño, dende o límite co concello de Castro de Rei ata o límite co concello de Lugo. Atopámonos co corazón da Reserva da Biosfera Terras do Miño, área natural protexida de grande interese medioambiental, etnolóxico e cultural.

Nas beiras do Miño agárdao unha gran riqueza paisaxística, destacando a variedade de especies arbóreas coma castiñeiros, bidueiros ou carballos. Asemade, os bosques dan acubillo a abundantes poboacións faunísticas, e as Insuas do Miño (illas) situadas no interior do curso fluvial, contan con frondosas fragas e lagoas interiores nas que existe unha importante flora e fauna acuática.